


ESTREA EN NUMAX: 08.04.2023 | V. E. | + 5 | 58 min

Vainilla, unha nena parisiense, chega á Illa de Guadalupe para pasar as vacacións coa súa tía. Ao principio rexeita todo o relacionado coa illa, pero pouco a pouco irá descubrindo os seus misterios e entrará nunha aventura exótica chea de personaxes pintorescos e elementos máxicos.

Unha historia chea de sensibilidade e coraxe realizada cunha orixinal técnica de animación que combina o 2D con imaxes reais. Acompaña outras catro curtametraxes sobre a aceptación das propias orixes e valorar o que nos fai diferentes.

«Unha historia chea de sensibilidade»

ANIMACIÓN PARA ADULTOS



Sabías que...?

O cabelo é unha das partes máis destacables do noso aspecto físico, identifícanos e define a nosa personalidade en cuestión de gustos. O corte, o peiteado e os accesorios que escollemos para o noso pelo expresan como queremos amosarnos ao mundo e como queremos ser recoñecidos e recoñecidas. Por iso, é común cambiar de *look* cando pasamos a outra etapa da nosa vida ou queremos sentirnos diferentes. No filme, ademais, a cuestión do cabelo fortalece o vínculo entre as mulleres da vila. O pelo permítenos expresar quen somos e sentirnos a gusto coa nosa aparencia.

Aínda que o Tigre e a nena se queren moito, a medida que medran decátanse de que non poden seguir vivindo xuntos. Iso é porque as persoas e os animais salvaxes teñen hábitats diferentes. Un hábitat natural é un lugar onde os seres vivos encontran alimento, auga e refuxio que necesitan para poder vivir confortablemente. A onde vai vivir o Tigre? Por que a cidade non era un bo lugar para o animal? Por que cres que a nena lle deixa marchar? Ti farías o mesmo? Por que?

Aline sinte que é diferente ao resto polo seu aspecto e porque a súa nai é estranxeira. Por iso, prefire esquecer as súas orixes camboxanas en vez de abrazalas e aceptalas como parte da súa identidade. Como o español, o camboxano tamén forma parte da súa historia e da súa riqueza cultural, e iso non lle impide ser unha alumna como as demais.

Idodo conta unha lenda indíxena do clan Ziang Zagaz, patrimonio cultural de Papúa-Nova Guinea, un país situado ao lado oriental da illa de Nova Guinea, ao norte de Australia. Úrsula Ulmi, directora desta curtametraxe, quixo compartir co mundo o conto popular da súa terra, nunha colaboración entre artistas de Papúa-Nova Guinea e Suíza.

En *Curry azul* a nai quere amosarlle ao seu fillo que todos os seres vivos, sexamos como sexamos e veñamos de onde veñamos, temos algo bo que aportarlle ao mundo. A metáfora dos ingredientes para elaborar un prato de curry axúdanos a entender unha idea complexa, pero moi valiosa! As persoas somos diversas, o que quere dicir que somos diferentes entre nós, pero iso fai que entre todos e todas fagamos chup-chup e este mundo sexa un lugar para chupar os dedos!

O cabelo afro, tamén chamado “crespo”, é un tipo de cabelo moi rizado e lixeiro. Pode peitearse de moitas maneiras e adoptar formas inimaxinables! Durante moito tempo, o canon de beleza europeo fixo que moitas persoas con esta textura de cabelo preferisen ocultalo con alisados, extensións, trenzas ou perrucas. Pero iso está cambiando: a comunidade afro comezou a reivindicar a lucir os seus cabelos tal e como son. Porque a naturalidade está de moda! Que outros personaxes deste programa dirías que teñen o pelo afro? Coñeces a alguén con este cabelo? Como se pode peitear?

O avó Sarbacane fala en lingua crioula. As linguas crioulas son froito da evolución das sociedades crioulas despois de que os europeos ocuparan e dominaran territorios americanos a partir do século XV. É o que chamamos “colonización”. Os crioulos son fillos de indíxenas e europeos, así como de africanos que foron deportados como escravos. Esta mestizaxe deu lugar ao nacemento de novas culturas e linguas. En Guadalupe fálase francés e crioulo francés, pero noutras illas tamén existen linguas crioulas españolas, inglesas e portuguesas.